

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Corrección de erros.-Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a promoción da recría de gando vacún en Galicia e se convocan axudas para o ano 2009.*

Advertido erro na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 48, do 10 de marzo de 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 5.071, no punto 7 do artigo 6º.-Requisitos, onde di: «A permanencia mínima na explotación poderase ver interrompida nos casos de que a recría se faga nun centro especializado de recría»; debe dicir: «A permanencia mínima na explotación poderase ver interrompida nos casos de que a recría se faga nun centro colectivo de recría de Galicia».

**CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

*Resolución do 12 de febreiro de 2009, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se inscribe á Asociación Cultural Andacamiños de Santiago no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago.*

Examinada a solicitude de inscrición no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago, presentada pola *Asociación Cultural Andacamiños de Santiago* do 9 de decembro de 2008.

Visto o Decreto 45/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia do Camiño de Santiago, modificado en parte polo Decreto 209/2002, do 13 de xuño.

Visto igualmente o informe da Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago, emitido de acordo co artigo 23 do mencionado decreto, segundo o cal as entidades solicitantes deberán ter como finalidade a recuperación, conservación e promoción dos camiños de Santiago, así como a difusión da cultura derivada deles.

Considerando que segundo o artigo 26, a solicitude foi presentada segundo o modelo que figura no anexo e ía acompañada da documentación pertinente.

Considerando que a solicitude presentada cumpre as normas establecidas no decreto de referencia.

**RESOLVO:**

Que a *Asociación Cultural Andacamiños de Santiago* quede inscrita no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago co número 181.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2009.

Felipe Arias Vilas  
Director xeral de Patrimonio Cultural

**CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

*Orde do 2 de abril de 2009 pola que se convocan eleccións e se ditan normas para a renovación do Consello Regulador da Denominación de Orixe Mexillón de Galicia.*

O Regulamento (CE) 510/2006 do Consello, do 20 de marzo de 2006, sobre a protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios, establece as normas relativas á protección das denominacións de orixe e indicacións xeográficas.

Polo Regulamento (CE) 1050/2007 da Comisión, do 12 de setembro de 2007, inscribíense certas denominacións no Rexistro de denominacións de orixe protexidas e de indicacións xeográficas protexidas, entre as cales figura a DOP *Mejillón de Galicia* ou *Mexillón de Galicia*.

Coa aprobación da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e posteriormente do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, que a desenvolve en materia de denominacións de calidade, configúrouse un novo réxime xurídico dos consellos reguladores, así como un novo réxime electoral.

O Regulamento da denominación de orixe *Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia* e do seu consello regulador, aprobado mediante Orde do 29 de agosto de 2008, destina o capítulo IV (artigos 96 a 135) do seu título III á regulación das normas para a elección dos membros do pleno do consello regulador. O seu artigo 97 determina que a duración do mandato dos membros do pleno será de catro anos. Expirado o mandato do actual consello regulador, procede convocar eleccións para a renovación dos seus membros.

Por tanto, logo de consulta aos órganos de goberno do consello regulador,

**DISPOÑO:**

Artigo 1º.-*Convocatoria.*

Ao abeiro do establecido no artigo 98 do Regulamento da denominación de orixe *Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia* e do seu consello regulador (en diante, regulamento), convócanse eleccións para a renovación do Consello Regulador da Denominación de Orixe *Mexillón de Galicia*.

Artigo 2º.-*Calendario electoral, prazos e lugar de presentación de documentación.*

1. O calendario electoral estará exposto na sede do consello regulador.

2. Os prazos previstos nestas normas para a presentación das candidaturas, reclamacións e recursos

están sinalados por días hábiles e expirarán ás 14.00 horas do derradeiro día do prazo.

3. O lugar de presentación das candidaturas, reclamacións e recursos será, segundo o caso, a sede do consello regulador, da comisión electoral ou da xunta electoral. Dada a brevidade dos prazos establecidos, os escritos presentaranse, ademais de por rexistro ordinario, por fax nos seguintes números: nº 986 50 62 24 os dirixidos ao consello regulador ou á comisión electoral e nº 881 99 90 73 os dirixidos á xunta electoral

*Artigo 3º.-Electores.*

1. Poderán ser electores as persoas físicas ou xurídicas que, antes da entrada en vigor da presente convocatoria, estean debidamente inscritas e con actividade nalgún dos censos do consello regulador, non carezan do dereito de sufraxio activo consonte o disposto pola normativa de réxime electoral xeral e non fosen sancionados con carácter firme coa suspensión da súa inscrición no rexistro correspondente.

2. As persoas xurídicas exercerán o seu dereito ao voto a través do seu representante legal.

3. No caso de que un/unha mesmo/a titular figure inscrito en máis dun censo electoral, poderá ser elector en cada un deles.

*Artigo 4º.-Elixibles.*

1. Serán elixibles aquelas persoas físicas ou xurídicas que reúnan os requisitos para seren elector/a e que non estean incursas nas causas de inelixibilidade previstas na normativa de réxime electoral xeral.

2. No caso de persoas xurídicas, o candidato será a propia persoa xurídica, que estará representada no consello regulador, de resultar elixida, pola persoa física que en cada momento designe o órgano de goberno.

3. No caso de que un mesmo titular figure inscrito en máis dun censo, só poderá ser elixible por un deles, debendo optar polo que máis lle interese.

*Artigo 5º.-Xunta electoral.*

1. A xunta electoral é o órgano supremo de supervisión do proceso electoral e nela estarán representados os dous subsectores que concorren ao proceso electoral e persoal técnico da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Exercerá as funcións que lle atribúe o artigo 102 do regulamento.

2. A xunta electoral terá a súa sede nos servizos centrais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e estará formada por un presidente ou presidenta, catro vogais e un secretario ou secretaria. Os seus membros serán funcionarios/as da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a excepción de dous dos vogais, que representarán o sector e serán elixidos/as na forma establecida no artigo seguinte.

3. Ningún membro, titular ou suplente, da xunta electoral poderá presentarse como candidato a vogal nin ser membro do pleno do consello regulador nin da comisión electoral.

*Artigo 6º.-Presentación de candidatos a vogais da xunta electoral en representación do sector.*

1. No prazo dos 4 días hábiles seguintes á data de publicación desta orde, os representantes das entidades organizativas sectoriais poderán presentar candidatos a vogais da xunta electoral mediante solicitude acompañada da documentación prevista no artigo 104 do regulamento.

2. As candidaturas irán dirixidas ao director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e presentaranse ante o rexistro único e de información do complexo administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e deberán conter cada unha un titular e un suplente.

3. O décimo día posterior á data de publicación desta orde designaranse os membros da xunta electoral, titulares e suplentes, mediante resolución do director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Contra a dita resolución poderase interpor recurso no prazo de 3 días hábiles ante a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, que resolverá dentro dos 3 días hábiles seguintes.

*Artigo 7º.-Comisión electoral.*

1. A comisión electoral terá a súa sede no consello regulador e estará composta por un presidente ou presidenta, dous ou dúas vogais designados polo pleno, en representación de cada subsector, e un/unha terceiro/a nomeado/a pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, con voz pero sen voto. Actuará como secretario/a do pleno do consello regulador.

2. Ningún membro da comisión electoral poderá presentarse como candidato a membro do consello regulador.

3. A comisión electoral exercerá as funcións que lle atribúe o artigo 110 do regulamento.

*Artigo 8º.-Censo electoral.*

1. O censo electoral será elaborado polo consello regulador para o seu uso no proceso electoral e terá a seguinte estrutura:

-Censo do subsector produtor, constituído polos/as titulares de bateas inscritas no Rexistro de Bateas do consello regulador.

-Censo do subsector da comercialización de mexillón fresco, constituído polos/as titulares inscritos no Rexistro de Centros de Depuración/Expedición.

2. Nos censos figurarán exclusivamente os/as titulares inscritos e con actividade nos rexistros correspondentes e deberán estar ao día nas súas obrigas co consello regulador.

Artigo 9º.-*Exposición do censo.*

1. A comisión electoral, despois das comprobacións que xulgue oportunas, dilixenciará os censos coas sinaturas do/a secretario/a e a conformidade do/a presidente/a. A seguir, ordenará a exposición do censo electoral alfabético na sede do consello regulador e remitirá os censos por asociacións a cada unha das entidades asociativas vinculadas á denominación, no prazo de 5 días hábiles.

2. A remisión dos censos provisionais aos lugares citados deberá realizarse achegando oficio do/a secretario/a da comisión electoral.

3. Poderanse formular, no prazo de 3 días hábiles, reclamacións e recursos contra os censos que a comisión electoral resolverá en igual prazo, contado desde a presentación deles.

4. Contra as ditas resolucións os interesados poderán formular recursos ante a xunta electoral no prazo de 3 días hábiles, que serán resoltos nos 3 días hábiles seguintes á súa presentación.

5. Resoltos os recursos, a comisión electoral volverá publicar de igual forma os censos electorais definitivos no prazo de tres días hábiles.

Artigo 10º.-*Número de vogais e presentación de candidaturas.*

1. De acordo co artigo 76 do regulamento, corresponde elixir doce vogais, seis en representación do subsector produtor e seis en representación do subsector da comercialización.

2. Poderán propoñer candidaturas ás eleccións grupos de inscritos, cooperativas, asociacións e organizacións profesionais, sempre que cumpran os requisitos legais e sexan avaladas, polo menos, polo 5% do total de electores do censo de que se trate.

3. As candidaturas e demais documentación e trámites electorais presentaranse nas oficinas administrativas do consello regulador mediante solicitude de proclamación ante a comisión electoral no prazo de 10 días hábiles contados a partir da publicación dos censos electorais definitivos.

4. As candidaturas presentaranse mediante lista pechada de candidatos, que constará dun suplente por cada titular, e expresará os datos sinalados no artigo 118.5º do regulamento. En caso de non presentarse candidaturas, observarase o disposto polo artigo 120 do citado regulamento.

5. Finalizado o prazo de presentación, a comisión electoral proclamará provisionalmente as candidaturas e acordará a súa exposición nos mesmos lugares establecidos para a exhibición dos censos polo ter-

mo de 3 días hábiles. Poderán presentarse reclamacións no prazo de 3 días hábiles ante a comisión electoral, que as resolverá no prazo dos 2 días hábiles seguintes

6. Contra as resolucións da comisión electoral poderán interpoñerse recursos ante a xunta electoral no prazo de 3 días hábiles, que serán resoltos nos 3 días hábiles seguintes. Resoltos os recursos, a comisión electoral procederá á proclamación definitiva dos candidatos, acordando a súa exposición pública na sede do consello regulador.

Artigo 11º.-*Campaña electoral.*

1. Enténdese por campaña electoral o conxunto de actividades lícitas levadas a cabo polos candidatos encamiñadas á captación de sufraxios.

2. A campaña electoral iníciase ás 00.00 horas do día hábil posterior ao de proclamación definitiva de candidaturas e finalizará ás 24.00 horas do sétimo día de campaña.

Artigo 12º.-*Papeletas e sobres.*

1. A comisión electoral aprobará e ordenará a confección dos modelos oficiais de documentos que se van utilizar no proceso electoral e proverá a mesa electoral de mobiliario, urnas, papeletas de voto, sobres e de todo o material necesario para a realización das eleccións.

2. Cada papeleta conterá unha única candidatura ou, no caso de ausencia destas, espazos habilitados para escribir o nome dos candidatos.

Artigo 13º.-*Apoderados e interventores.*

Os representantes de cada candidatura poderán nomear interventor a calquera inscrito nos censos do consello regulador, co obxecto de que exerza a representación da candidatura correspondente para todos os efectos electorais.

Artigo 14º.-*Mesa electoral.*

1. A mesa electoral é o órgano encargado de presidir as votacións, realizar o escrutinio, publicar os resultados e velar pola pureza do sufraxio.

2. Será designada pola comisión electoral e estará integrada por un presidente ou presidenta e dous ou dúas vogais, mediante escolla aleatoria do censo de electores, maiores de idade, que saiban ler e escribir. De igual modo nomearanse dous suplentes por cada un dos seus membros.

3. Os cargos de presidente/a e vogal da mesa electoral son obrigatorios e non poderán exercelos aquelas persoas que se presenten como candidatos. Unha vez realizada a súa designación, deberalles ser notificada aos interesados no máis breve prazo, dispoñendo estes dun prazo de 4 días hábiles para alegaren ante a comisión electoral causa xustificada que lles impida aceptar o cargo. A comisión electoral

resolverá no prazo de dous días hábiles sen ulterior recurso.

*Artigo 15º.-Votación e escrutinio.*

1. A votación realizarase entre as 9.30 horas e as 18.30 horas do segundo día posterior á finalización da campaña electoral. Os membros da mesa electoral e os seus suplentes reuniranse ás 8.30 horas da mañá do día das votacións no local designado para a votación.

2. A mesa recibirá as credenciais dos interventores que se presenten, comparándoas coa copia que constará en poder da mesa, e daralles, se é o caso, posesión do cargo.

3. O presidente ou presidenta, ou por delegación un/unha vogal, expedirá unha acta no momento da constitución da mesa, que pechará ao finalizar as súas funcións como tal. Nela expresará os compoñentes da mesa, a identificación de interventores, suficiencia de material, a hora de inicio das votacións, as anomalías ou aspectos que pola súa relevancia e transcendencia deban quedar reflectidos ao longo da xornada, a hora do peche das votacións, as condicións de transparencia do escrutinio e a expresión detallada do resultado, cos votos emitidos, os nulos, en branco e os asignados a cada candidatura, as reclamacións formuladas coa identificación dos seus reclamantes e a resolución dada a estas, asignándoa todos os membros da mesa.

4. O voto pode ser persoal ou por delegación, na forma establecida polos artigos 130 e 131 do regulamento.

*Artigo 16º.-Escrutinio e proclamación de vogais electos.*

1. Concluída a votación, o presidente/a procederá ao recuento dos votos, extraendo as papeletas da urna e lendo en voz alta o nome das candidaturas ou candidatos votados, os emitidos en branco e os considerados nulos. Realizado o recuento, o presidente/a preguntaralles aos asistentes se hai algunha protesta contra o escrutinio, resolvendo e deixando constancia dela.

2. A seguir, formulará en voz alta o resultado especificando o número de votos emitidos, de votos válidos, nulos e en branco e o de votos obtidos por cada candidatura, deixando expresión escrita deles na acta de votacións. Finalizada a xornada electoral, o presidente/a da mesa faralle entrega á comisión electoral de toda a documentación derivada do proceso e do material utilizado.

3. A comisión electoral, con base na documentación recibida, procederá á asignación de postos de elección para cada un dos censos, de acordo co procedemento previsto no artigo 134 do regulamento.

4. Unha vez obtidos os resultados, a comisión electoral proclamará provisionalmente os vogais electos

do consello regulador. Contra o acordo de proclamación provisional poderase interpor recurso no prazo de 3 días hábiles, que a comisión electoral resolverá en igual prazo. Contra a resolución da comisión electoral poderá interpoñerse recurso ante a xunta electoral no prazo de 3 días hábiles, que será resolto dentro dos 3 días hábiles seguintes. Resoltos os recursos, a comisión electoral proclamará definitivamente os vogais electos.

*Artigo 17º.-Constitución do pleno e elección de presidente/a e vicepresidentes/as.*

1. A comisión electoral convocará o pleno resultante do proceso electoral para a súa constitución no día sinalado no calendario electoral. Os novos membros electos tomarán posesión en sesión presidida por un/unha representante da Administración, designado para o efecto pola conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos. Para a realización desta sesión precisarase un quorum de dous terzos.

2. A seguir, na mesma sesión, o consello en pleno elixirá por maioría absoluta os que van exercer os cargos de presidente/a e vicepresidentes/as, de acordo co establecido no regulamento. En caso de empate na elección dalgún dos cargos, procederase no terceiro día hábil seguinte a unha nova votación. De persistir o empate, procederase de novo de igual xeito e, en caso de non se desfacer, decidirase por sorteo que realizará a xunta electoral entre os candidatos que obtivesen o mesmo número de apoios na última votación.

3. As persoas elixidas para os cargos de presidente/a e vicepresidente/a serán nomeadas posteriormente pola conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos.

*Artigo 18º.-Indemnizacións.*

Os membros da xunta electoral, da comisión electoral e da mesa electoral que asistan ás súas reunións percibirán as indemnizacións que correspondan.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca para ditar cantas instrucións sexan precisas para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2009.

Carmen Gallego Calvar  
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos